

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E ABANCA, CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA A CONCESIÓN DE AVAIS AO ABEIRO DO PROGRAMA AVAIS PARA ADQUISICIÓN DE VIVENDA

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), con NIF Q6550004C e domicilio en Área Central s/n, Polígono de Fontiñas, Santiago de Compostela (A Coruña), representado por María Martínez Allegue, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, en virtude das atribucións que lle confire a súa calidade de presidenta do IGVS, segundo o artigo 4 do Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo (DOG núm. 101, do 27 de maio).

E, doutra parte, José Lino Comesaña Calvo, maior de idade, con NIF 36041545Q, actuando no nome e representación da entidade financeira ABANCA Corporación Bancaria, S.A, con domicilio social en Betanzos (A Coruña), na rúa Claudino Pita nº 2 C.P: 15300 e provista de NIF A70302039 por virtude dos poderes outorgados o 4 de xaneiro de 2010 ante o notario de Vigo, José Piñeiro Prieto, que declara encontrarse vixentes e non revogados (en adiante, entidade financeira).

As partes recoñécense, no concepto en que respectivamente interveñen, capacidade para o outorgamento do presente convenio e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. A Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, establece que lle corresponde a este organismo a realización da política de vivenda da Xunta de Galicia co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada.

Segundo. O 20 de xaneiro de 2021 asinouse o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 polos membros do Pleno do Observatorio da Vivenda de Galicia, que está constituído polos

representantes das administracións públicas con competencias na materia e os representantes de entidades, institucións ou asociacións que agrupan a persoas físicas ou xurídicas que teñen a consideración de axentes da edificación na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, así como as axencias e as administracións da propiedade inmobiliaria, como profesionais da intermediación inmobiliaria.

No eixo 1 do devandito pacto, dedicado ao acceso á vivenda, indícase que un dos principais obstáculos para a adquisición de vivenda por parte da mocidade é que, aínda que teñan capacidade de pagamento da cota hipotecaria resultante da compra, non dispón dos aforros necesarios para afrontar a porcentaxe do prezo non cuberto polo préstamo hipotecario que, con carácter xeral, supón o 20 % deste.

Terceiro. De conformidade co disposto no artigo 44 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, autorízase ó Instituto Galego da Vivenda e Solo para a concesión de avais, por un importe máximo de cinco millóns de euros, con destino á compra da primeira vivenda por menores de trinta e seis anos ou á compra de vivenda protexida sen límite de idade, cun límite máximo do vinte por cento do prezo da compravenda, polo tempo necesario para a amortización do importe avalado durante os primeiros anos da vixencia do préstamo, coas características e as condicións establecidas no programa que aprobe o dito instituto.

Cuarto. O IGVS pretende implantar o programa de avais para a adquisición de vivenda, con destino á compra da primeira vivenda por menores de trinta e seis anos ou á compra de vivenda protexida sen límite de idade, cun límite máximo do vinte por cento do prezo da compravenda.

Quinto. A entidade financeira está interesada en colaborar co IGVS na implantación deste programa.

Polo anterior, as partes conviñeron a formalización deste convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto

O obxecto do convenio é establecer os termos e condicións da colaboración entre o IGVS e a entidade financeira para o desenvolvemento do Programa de avais para a adquisición de

vivenda.

Segunda. Financiamento

O importe máximo dos avais que poderán contar coa garantía do IGVS con cargo á anualidade 2025 será de cinco millóns de euros (5.000.000,00 €).

Poderán acollerse a este programa todas as operacións de financiamento de adquisición de vivenda, con garantía hipotecaria sobre a vivenda cuxa adquisición se está financiando, coa condición de que as ditas operacións de financiamento queden dentro dos parámetros e límites fixados no Programa avais para adquisición de vivenda.

Terceira. Ámbito territorial

O ámbito territorial de aplicación do convenio será a Comunidade Autónoma de Galicia. Para tal efecto, as vivendas que se avalen deben estar situadas no territorio galego e as persoas adquirentes das vivendas deben estar empadroadas en Galicia no momento da solicitude do aval.

Cuarta. Entrada en vigor e vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2025, salvo que, con anterioridade á dita data, se esgotasen os fondos previstos para o Programa de avais para adquisición de vivenda.

Non obstante o anterior, as partes comprométense ao cumprimento de todas as obrigas, mentres subsistan, que dimanen deste convenio.

Quinta. Condicións de financiamento

As operacións que quedan baixo a cobertura do convenio serán aquelas que, formalizadas dentro do período da súa vixencia, estean referidas ao financiamento con garantía hipotecaria sobre a vivenda obxecto de adquisición e o dito financiamento, xunto co do aval, sexa superior ao 80% e igual ou inferior ao 100% do prezo de compravenda. En todo caso, o aval do IGVS non poderá superar o 20% do prezo da compravenda ou do valor de taxación, se este fose inferior.

Cando a operación de financiamento con garantía hipotecaria sexa por un importe inferior ao prezo de adquisición da vivenda ou, de ser o caso, do seu valor de taxación, no suposto de que este sexa menor, a garantía prestarase ata un 20% do importe da operación de financiamento con garantía hipotecaria.

En ningún caso se outorgará para garantir importes derivados de conceptos distintos aos indicados.

Non serán obxecto de financiamento os impostos ou taxas, xa sexan directos ou indirectos, que graven as operacións de adquisición e financiamento da vivenda.

Sexta. Garantía do IGVS

6.1. Aval

En virtude do previsto neste convenio e para cada operación de financiamento cuberta por el, o IGVS avalará fronte á entidade financeira, como máximo, o 20% do prezo da compravenda, ou do valor de taxación, se este fose inferior, salvo que o importe da operación de financiamento sexa inferior, suposto en que a garantía prestarase ata un 20% do importe da operación de financiamento con garantía hipotecaria.

6.2. Natureza da garantía

Todo aval prestado polo IGVS en virtude deste convenio rexerá, no non expresamente previsto neste acordo, polas disposicións previstas para a fianza no Código civil, e recoñéceselle, en particular, ao IGVS, o dereito de subrogación nos dereitos e garantías que puidese ter a acreedora fronte á persoa debedora para o caso de que tivese que facer fronte a calquera das operacións avaladas en virtude deste convenio.

6.3. Formalización e requisitos de eficacia da garantía

Para que unha concreta operación financeira quede avalada nos termos previstos no convenio e,

polo tanto, para que sexa eficaz, ademais de reunir todos os requisitos que nel se desenvolven, deberá cumprir o seguinte:

- a) Que a garantía hipotecaria sobre a vivenda obxecto da operación de financiamento quede debidamente rexistrada e, polo tanto, sexa plenamente válida e eficaz, no Rexistro da Propiedade competente no prazo máximo de seis (6) meses desde o outorgamento da correspondente escritura de hipoteca.
- b) Que o clausulado da escritura de hipoteca pola que se formalice a operación de financiamento incorpore o texto das estipulacións contido na cláusula décimo primeira deste convenio.

6.4. Redución e extinción do aval

Os pagamentos do principal da operación de financiamento que se realicen polo debedor hipotecario aplicaranse, en primeiro lugar, á redución da porcentaxe avalada por parte do IGVS, e a entidade financeira deberá comunicar anualmente ao IGVS a porcentaxe do aval resultante de aplicar a devandita redución.

Con carácter adicional ás causas legalmente previstas para a extinción de calquera fianzamento, a garantía do IGVS respecto a cada operación de financiamento quedará automaticamente sen efecto no momento en que os pagamentos do principal que efectúe o debedor hipotecario alcanzasen o importe avalado, é dicir, o 20% ou a porcentaxe avalada, no caso de que fose inferior. A partir dese momento, o IGVS quedará totalmente liberado da obrigaçión de facer fronte ao aval, o cal expresamente acepta a entidade financeira.

Sétima. Tramitación de solicitudes e operativa do aval

As persoas beneficiarias finais presentarán a súa solicitude de financiamento na entidade financeira.

A entidade financeira requirirá a acreditación por parte da persoa solicitante dos requisitos das

condicións obxectivas e subxectivas establecidas no Programa avais para a adquisición de vivenda para acceder á garantía e, se é o caso, aprobará a operación de financiamento de acordo cos seus procedementos internos e usos bancarios, respectando, en todo caso, a finalidade e condicións deste convenio. O IGVS non intervirá no estudo nin na aprobación/denegación das operacións de financiamento.

A entidade financeira emitirá un informe no cal se indiquen as características da operación, financiamento e aval, xunto co cadro de amortización do préstamo hipotecario, de acordo coa información precontractual que estea previsto facilitar á persoa beneficiaria, en cumprimento da Lei 5/2019, do 15 de marzo, reguladora dos contratos de crédito inmobiliario.

As persoas beneficiarias finais presentarán a solicitude do aval ao IGVS conforme o procedemento e a documentación establecida no Programa de avais para a adquisición de vivenda.

O IGVS verificará a documentación presentada e a dispoñibilidade de financiamento e remitirá, de ser o caso, á persoa beneficiaria a resolución de concesión do aval. Así mesmo, comunicarlle telematicamente á entidade financeira a concesión do aval que servirá de toma de razón para o outorgamento do aval, sen que o IGVS teña que comparecer na formalización da escritura.

Cando a entidade financeira conte coa resolución asinada polo IGVS, poderá formalizar a operación co cliente.

O financiamento instrumentarase no correspondente contrato de préstamo con garantía hipotecaria entre a persoa beneficiaria final e a entidade financeira. A entidade financeira responsabilízase de todas as cuestións que afecten o contrato de préstamo con garantía hipotecaria coa persoa beneficiaria final.

Oitava. Características básicas das operacións de financiamento hipotecario

8.1. En relación coas persoas beneficiarias finais:

Serán beneficiarias finais e poderán acollerse a esta liña de avais as persoas físicas que reúnan

e acrediten os requisitos establecidos no Programa de avais para a adquisición de vivenda.

8.2. En relación coas vivendas:

Para acceder ao aval as vivendas que se vaian adquirir deberán cumprir os requisitos establecidos no Programa de avais para a adquisición de vivenda.

Novena. *Compromisos da entidade financeira*

Para o bo fin do convenio a entidade financeira comprométese a entregar a totalidade do financiamento concedido á parte acreditada para que a aplique á adquisición da vivenda, e a entidade financeira comprométese, en todo caso, a non reter ningunha cantidade do dito financiamento en concepto de garantía (xa sexa mediante o peñoramento de parte dos fondos ou mediante a subscripción dalgunha outra operación de pasivo cos devanditos fondos).

9.1. Verificación da tramitación

Cando o IGVS o solicite, a entidade financeira remitiralle a documentación necesaria, para a verificación da elixibilidade das operacións.

A entidade financeira obrígase a custodiar a documentación relativa á operación de financiamento para a cal se solicitou o aval do IGVS durante toda a vixencia do aval e a entregar esta documentación por requirimento do IGVS.

Adicionalmente, a entidade financeira obrígase a permitir que o IGVS ou as persoas que designe, realicen comprobacións, auditorías ou supervisións da documentación relativa a este convenio, e a cada operación de financiamento, achegando a información que se precise.

Décima. *Recuperación pola entidade financeira das cantidades debidas. Aplicación dos importes recibidos do IGVS. Subrogación por concurso de acredores.*

O IGVS e a entidade financeira conveñen que, en caso de falta de pagamento por parte da persoa debedora en calquera das operacións de financiamento que son obxecto deste convenio,



a entidade financeira deberá, ben reclamar xudicialmente (nos termos nos que se define na presente cláusula) do debedor o pagamento do debido polos medios que entenda máis convenientes (procedemento de execución ordinaria ou hipotecaria), ben proceder de calquera outra forma extraxudicial con fin de recuperar o importe do financiamento (venta do activo, venda do crédito, dación ou calquera outra que así decida a entidade financeira).

O IGVS comprométese, no prazo de corenta e cinco (45) días desde a data en que a entidade financeira lle comunique fidedignamente e xustifique documentalmente a falta de pagamento, a pagar á entidade financeira unha cantidade igual ao importe avalado no momento da comunicación, é dicir, o resultante de aplicar as reducións procedentes conforme o previsto na cláusula sexta.

Unha vez o IGVS pague á entidade financeira o importe avalado respecto dunha operación, a entidade poderá minorar contablemente a débeda da dita operación, e comunicará ao xulgado a subrogación do IGVS no importe pagado, continuando, de ser o caso, coas actuacións xudiciais de recuperación, e actuando a entidade, así mesmo, en defensa dos intereses do IGVS, sen prexuízo de que o IGVS nomee avogado para representar os seus intereses en sede xudicial.

Defínese reclamación xudicial como a demanda executiva que presente a entidade financeira e que dea inicio ao procedemento executivo coa finalidade de cobrar o importe da operación de financiamento.

Para os efectos deste convenio, e para cando se produza no marco do proceso de execución hipotecaria unha adxudicación do ben hipotecado a favor da entidade financeira, considerarase que a dita entidade percibiu para pagamento do principal pendente de cobrar da operación de financiamento a cantidade total pola que se considere adxudicado o dito ben.

10.1. Distribución dos quebrantos e gastos entre asinantes deste convenio. Asunción definitiva dos quebrantos.

En relación con cada unha das operacións de financiamento, unha vez esgotado o procedemento de execución correspondente, acórdase que a entidade financeira se obriga a



reintegrar ao IGVS as cantidades recuperadas da persoa beneficiaria final en proporción á porcentaxe avalada polo IGVS.

En caso de recuperacións non pecuniarias, o devandito reintegro terá lugar unha vez que a entidade financeira realizase o activo atendendo ao valor de realización, aínda que a cantidade para reintegrar non poderá ser inferior á parte correspondente do valor de adxudicación do ben ou dereito.

A recuperación ou o ingreso de calquera cantidade adicional que minore o importe do quebranto total será distribuída entre a entidade financeira e o IGVS de acordo coas porcentaxes anteriormente referidas sen que importe para iso quen realizase a xestión para a devandita recuperación ou se esta se realizou voluntariamente pola persoa debedora ou un terceiro.

O IGVS, na proporción correspondente, e se así o considera oportuno, poderá resarcirse mediante o exercicio das accións que lle correspondan por dereito propio ou por subrogación nos dereitos e garantías da entidade financeira.

A entidade financeira non poderá en ningún caso aplicar todo ou parte dos importes recuperados e correspondentes ao IGVS para modificar a posición debedora da persoa beneficiaria final.

En calquera caso, dos importes recuperados de cada operación, a entidade financeira poderá, logo de xustificación ante o IGVS, descontar a porcentaxe do aval correspondente á operación, dos gastos en que teña incorrido para proceder á recuperación, sempre que os ditos gastos sexan, en todo caso, inferiores ao importe recuperado para cada unha das operacións e sen que a porcentaxe que lle corresponda pagar ao IGVS destes gastos supere o 20% ou a porcentaxe correspondente ao aval concedido polo IGVS, no suposto de que fose inferior ao dito 20%.

Con periodicidade trimestral, a entidade financeira enviará ao IGVS unha certificación sobre a situación de falta de pagamento e recuperación das operacións que fosen obxecto de reclamación xudicial, así como aquelas que fosen consideradas malogradas definitivamente.



Sobre a base da citada certificación trimestral, a entidade financeira deberá ingresar ao IGVS os importes correspondentes á totalidade das recuperacións informadas.

10.2. Subrogación por concurso de acredores.

Para o suposto de declaración concursal do debedor da operación financeira con aval do IGVS, o auto de declaración do concurso producirá a subrogación do dito organismo na parte avalada, para os efectos da súa intervención no procedemento concursal. Nestes supostos, será a entidade financeira a que continuará coa representación do conxunto dos créditos derivados da operación financeira, incluíndo a parte do principal subrogado, salvo que o IGVS solicite expresamente a súa comparecencia e xestión no proceso.

Décimo primeira. Contido da escritura

As escrituras en virtude das cales se formalice cada operación de financiamento deberán conter, ademais das cláusulas reguladoras da operación, as seguintes estipulacións:

I. O presente financiamento hipotecario formalizouse ao abeiro do Programa de avais para a adquisición de vivenda polo que se regula o acceso á vivenda en réxime de propiedade de persoas menores de trinta e seis anos ou á compra de vivenda protexida sen límite de idade a través da concesión dun aval polo IGVS, así como do convenio que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), e a entidade financeira formalizaron o 31 de marzo de 2025, para apoiar a adquisición de vivenda, mediante o cal se establece cobertura financeira temporal e parcial prestada polo IGVS ante a entidade financeira en determinados supostos da falta de pagamentos do financiamento hipotecario para a adquisición dunha vivenda e que en todos os casos constituía residencia habitual e permanente.

II. No devandito convenio establécese que a entidade financeira concederá financiamento de ata o 100% do prezo de compravenda, constituíndo garantía hipotecaria polo importe financiado. Complementariamente á garantía hipotecaria, o IGVS avalará o tramo comprendido entre o 80% e ata o 100% do prezo de compravenda. Coa devandita hipoteca cubrirase tanto o tramo

comprendido entre o 80% e ata o 100% avalado polo IGVS, como o tramo do 80% non avalado polo IGVS.

III. O IGVS quedará automaticamente liberado da obrigaón de fianza asumida no momento en que os pagamentos do principal que efectúe o debedor hipotecario alcanzasen o importe avalado, é dicir, o 20% ou a porcentaxe avalada no caso de que fose inferior.

IV. Por medio de, [nome da persoa beneficiaria final]: (i) manifesta coñecer e aceptar os termos da garantía prestada polo IGVS e que están recollidos no convenio anteriormente referido, prestando así mesmo a súa conformidade á realización por parte do IGVS de calquera pagamento pola súa conta en execución da referida garantía, e (ii) comprométese a comunicar á entidade financeira e ao IGVS a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a adquisición da vivenda, e a amortización anticipada e parcial do financiamento hipotecario outorgado e avalado polo IGVS pola totalidade do importe da subvención, axudas, ingresos ou recursos recibidos.

V. "Por medio de, [nome da persoa beneficiaria final] autoriza a [entidade financeira], á cesión dos datos de carácter persoal contidos no presente documento, así como aqueles que, se é o caso, facilite agora ou no futuro e sexan necesarios para o mantemento, control e execución do aval, incluíndo expresamente o estado, situación e condicións do financiamento, ao IGVS co fin de posibilitar o aval da operación por parte deste, así como as tarefas administrativas, de control, seguimento e eventual execución do aval que esta operación poida xerar".

VI. [Entidade financeira] non poderá conceder aprazamentos, prórrogas, nin modificar as condicións iniciais de cada operación sen autorización expresa do IGVS, mentres permaneza en vigor o aval do IGVS, agás de calquera modificación imposta con carácter normativo (por exemplo as recollidas no RDL 6/2012, do 9 de marzo de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos).

VII. Así mesmo, o IGVS deberá prestar conformidade e autorización expresa á parte prestameira para que, no seu caso e día, outorgue por si soa as escrituras de novación modificativa da presente escritura, conforme o disposto na Lei 2/1994, do 30 de marzo, sobre subrogación e



modificación de préstamos hipotecarios, non só modificando o tipo de interese senón tamén o prazo de duración do financiamento, requiríndose a dita conformidade para que se estenda a fianza no tempo, caso de aumentalo ao novo prazo pactado, mentres permaneza en vigor o aval do IGVS.

En ningún caso a escritura nin ningún outro documento que subscriban a entidade financeira e a persoa beneficiaria final poderá conter regulacións relativas ao aval do IGVS ou que impliquen calquera tipo de obrigas ou deberes para este que non se recollen no presente convenio ou que non fosen aceptadas de maneira previa, expresa e por escrito polo IGVS.

Décimo segunda. *Protección de datos persoais*

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e goberno aberto.

As partes comprométese a tratar os datos persoais que fosen postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, en adiante, RXPD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante na materia.

Así mesmo, cada parte informa á outra parte de que os datos persoais dos representantes que actúan no nome e por conta de cada unha delas serán tratados coa finalidade de xestionar o presente convenio, así como, de ser o caso, cumprir coas obrigas legais impostas ás partes durante á súa vixencia. Unha vez finalizada a vixencia os datos serán conservados, debidamente bloqueados, durante os prazos de prescrición das accións que puidesen derivar da execución do

presente convenio e para os únicos efectos de cumprir os deberes legais requiridos e para a formulación, exercicio ou defensa de reclamacións.

Os titulares dos datos poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación ao tratamento, supresión e oposición de acordo coa normativa que resulta de aplicación:

- Respecto ao IGVS: a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se especifica na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

- Respecto á entidade financeira: privacidad.proveedores@abanca.com

Así mesmo, os interesados poderán dirixir aquelas reclamacións derivadas do tratamento dos seus datos á Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Finalmente, os datos de contacto dos respectivos delegados de protección de datos son:

- Respecto ao IGVS: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

- Respecto á Entidade financeira: privacidad@abanca.com

Décimo terceira. Notificacións

As obrigas de información establecidas neste convenio levaranse a termo por vía telemática, de acordo coas instrucións que se faciliten, aos enderezos en cada momento comunicadas polo IGVS. En todo caso, a información facilitada pola entidade financeira deberá respectar e cumprir co previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta. Cargas fiscais e gastos

O pagamento de tributos, cargas fiscais e demais gastos que se deriven da aplicación do



convenio farase segundo lei, sen que a entidade financeira poida repercutir ao IGVS as cantidades debidas ou satisfeitas polos devanditos conceptos.

Décimo quinta. *Facilidades para a tramitación*

A entidade financeira, para a maior eficacia e efectividade no desenvolvemento do previsto no convenio, comprométese a implementar e levar a cabo todas as actuacións precisas para facilitar ao máximo aos particulares a tramitación, avaliación e concesión destes avais.

Décimo sexta. *Comisión de seguimento*

Establécese unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por, cando menos, dous representantes do IGVS, actuando un deles de coordinador e, polo menos, un representante de cada entidade financeira. O labor desta Comisión de Seguimento será o de impulsar os obxectivos do convenio, interpretar o seu contido, dirimir as discrepancias que se puidesen expor e establecer os mellores procedementos para o seu eficaz desenvolvemento.

A Comisión de Seguimento reunirse coa periodicidade que as partes consideren necesaria.

Décimo sétima. *Adhesión ao convenio*

O IGVS queda autorizado expresamente, logo de notificación á entidade asinante do convenio a propoñer e levar a cabo cantos trámites sexan necesarios para a efectiva adhesión de novas entidades financeiras ao presente convenio nos termos e condicións que nel se establecen.

Décimo oitava. *Modificación do convenio*

A modificación do convenio require o acordo expreso dos asinantes, aínda que se unha entidade financeira non subscribe a modificación, esta non lle será aplicable, e entenderase resolto o convenio respecto da dita entidade financeira, á marxe da subsistencia dos dereitos e obrigacións derivados das operacións realizadas.

Décimo novena. *Réxime xurídico*

O convenio ten carácter administrativo, rexéndose para os seus efectos polas súas cláusulas, e non lle será de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme eo disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puidesen presentar.

Dada a natureza xurídico-pública do convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Vixésima. *Principio de prudencia financeira*

A eficacia das cláusulas do convenio quedará condicionada ás normas ou acordos que se adopten en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e poderá o IGVS propoñer a subscripción de addendas ao convenio ou acordar a súa extinción, cando así resulte obrigado en virtude daquelas normas ou acordos.

Vixésimo primeira. *Divulgación da formalización do convenio*

As partes poderán participar na promoción, divulgación e difusión das actividades e dos resultados obtidos como consecuencia da execución deste convenio mediante a correspondente publicación nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

En proba de conformidade, as partes subscriben o presente documento no lugar e data indicados no encabezamento.



Por Instituto Galego da Vivenda e Solo



PRESIDENTA
María Martínez Allegue

Por ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A



José Lino Comesaña Calvo